

1.º premio do X Concurso literario Mazarelos (2024)

Sara Porto Puente

Inmersións do mito da Apocalipse

INMERSIÓNS DO MITO DA APOCALIPSE

UNHA APROXIMACIÓN INFORMAL Á TRAXEDIA DA CONDICIÓN HUMANA

Señoras, señores,

É a resolución do mundo en sete fragmentos da Apocalipse o último dos instantes en que puidemos abri-los ollos sen medo ó naufraxio.

TESTEMUÑO EPISTOLAR DE ESTREPSÍADES NO 13/4/1999

Lembras ben aqueles noticiarios tinxidos de furia, aqueles que proclamaban que «unha semana despois de que fendesen os ceos, algúns informantes aseguran ter escoitado a primeira das trompetas sacudindo o horizonte»¹, mais en ningunha rexión da Terra podía verse sarabia nin sangue nin sarabia de sangue —esa absurda obsesión de Deus—. Os máis doutos, como teu pai, irados polo descoñecemento dos textos sacros daqueles novos conversos que tiñan a soberbia de informar dende a falsa piedade, enlouquecían nas esquinas da cidade, berrando que tiñamos que agarda-la chegada dos xuízos na súa perfecta e divina orde. Converteron en mantra os selos, as trompetas e as copas. Xa sabes, os máis xulgáronos de tolos e renegaron dos textos, fundíndose en infinidade de herexías apostólicas. «Os novos filósofos da fe votan na asemblea a favor de lle facer libacións e hecatombes públicas a Deus incitados por Fidípides, fillo de Estrepsíades»², titulaches o teu último artigo nesa merda de xornal a que dedicaches toda a túa miserábel vida. ~~Mataren~~ Mataches meu fillo, sabes?

Continúo da miña man, só por lle face-lo favor ó auditorio, esta fermosa digresión. Os acusados pódense por aludidos.

Os menos agradecemos ter gardado *in sæcula sæculorum* as crateras ancestrais e vertemos dúas partes de auga por cada unha de viño amargo. Máis tarde, coa caída do sol no cuarto día, liberáronse mil cabalos nos vastos campos do oeste agardando que os xinetes da Apocalipse, que debían chega-los primeiros, puidesen cabalgar se tal vez perderan as súas monturas. Nunca viñeron. Na busca de amparo, fundíronse os metais e fabricáronse lingotes pra fincar trofeos nas portas das murallas. Xa que nada ocorría, lembrarán todos vostedes que se responsabilizou do suposto son das trompetas as tormentas da estación e, nalgunhas vilas, tamén os músicos, argüíndo que pretendían burlarse da fin que estaba cerca. Todos morreron enforcados, así como morreu o fillo de Estrepsíades, mais ninguén xulgou nunca os falsos informantes. Somos responsábeis de solucionar ese erro na orde da xustiza. Respirábase a ansia da fin do mundo. Hoxe é outro día.

¹ Terenciano, C. «O avance da Apocalipse parece contradicir o relato de san Xoán». RTVG [emisión de radio]. 15 de marzo de 1997.

² Aquémenes, D. «Los nuevos filósofos de la fe votan en la asamblea a favor de hacer libaciones y hecatombes públicas a Dios incitados por Fidípides, hijo de Estrepsíades». *La voz de Galicia*. 29 de decembro de 1997.

Si, a ver. Ei, vostede! O do fondo. Ten algunha pregunta? Cédolle a palabra no que vou ó baño.

INESPERADA INTERVENCIÓN DUN HOME AFECTADO POLA FIN DO MUNDO

Derramouseme un espello no estreito fragmento de mundo que habito e en que ás veces só cabe un pé descalzo. Derramouseme un espello neste estreito fragmento de mundo e unha sombra con zapatos de charón quixo acercarse ou adentrarse paseniño entre os meus dedos, as miñas unllas, as miñas peles...

—Pero que di, señor! Xa pode ir calando a boca ou botámolo da sala... Señor! Xa volveu?

—A min estábame gustando a súa exposición, Antúnez. Cale a boca e déixeo rematar. Non ve que ten voz de locutor de radio? Xa mirarán de o engadir na sección de testemuños.

(CONTINÚA A INTERVENCIÓN)

Cun espello como fronteira multiplicouse o espazo —e pode que o tempo— e habitamos dous a curvatura da Terra. Sei que o decidiu Deus.

Cando avanza o amencer coas arestas afiadas dun mal soño polos vidros de prata fina, abro primeiro un ollo e despois outro pra que primeiro un raio e despois outro penetren duros nos meus cristais cor de nada. Deslízanse invasivos, boca abaixo, polos túneles negros onde gardo a luz dende que un ventre canso me cuspiu á Terra. A través do espello, que atraveso ás veces esquecendo as fronteiras, chega un bisbar furioso que unha vez recende a chuvia, dous a rezo e tres a incenso. A sombra sementou o ruído e pregunta «Por que calas?». Repíteo pra min, que vivo do silencio, porque non quere que me aperte o sono. Inclinando o meu corpo frío baixo do seu rostro, chora dúas bágoas benditas e treme sobre o meu peito a primoxénita, de óleo dourado baixo o sol e a cruz. A derradeira, de zume arrincado ó peito de Cristo, cae e rega un chan sen sementes. Mollouseme o corazón e sinte a inundación dunha pinga de fe. Durmo.

Moitísimas grazas. Imaxino que tódolos presentes poden recoñecer nas palabras deste letrado señor a voz dalgún amigo ou familiar que non puido soporta-la presión da fin do mundo. Parecía que estaba tan preto de nós... Tan pouco tempo e tantos erros que solucionar... *Ora pro nobis*. Antes de continuarmos, solicito con urxencia a intervención dun crego, se é que hai entre vostedes un sufrido servo de Deus.

INTERVENCIÓN DUN CREGO MEDIANTE O SACRAMENTO DA EXTREMA UNCIÓN

Per istam sanctam unctionem et suam piissimam misericordiam adiuvet te Dominus gratia Spiritus Sancti. Amen./ Ut a peccatis liberatum te salvet atque propitius allevet. Amen.

Moitas grazas tamén a vostede, padre. E os de seguridade, mirade se podedes leva-lo home este nunha ambulancia; penso que non se atopa moi ben. Nada, problemas do directo, xa saben.

Son perfectamente consciente de que moitos achan en falta o que eran, hai anos, os procesos xudiciais. Ben, hai que acepta-los cambios como chegan. Eu non coñecín Fídipides, Estrepsíades nin o acusado, hoxe aquí presente. Non é relevante, aínda que é indiscutíbel que todo o conflito concluíu coa xustiza pola man e a morte dun fillo é algo que só podemos remediar simbolicamente. O meu labor aquí, polo tanto, é pouco máis que mediador. Intento debuxar con claridade o que significou a Apocalipse. O que foi a cor dese mundo que nos quixo mortos. Isto non é máis ca unha exposición. Se cren, nunca houbo máis xuíz que aquel que *tiña na súa destra sete estrelas e da súa boca saía unha espada aguda, de dous fíos, e o seu aspecto era coma o Sol cando resplandece con toda a súa forza* (Apoc. 1:16). Se cren, o sufrimento dos derradeiros anos fixo de vostedes mártires e, polo tanto, xuíces axeitados neste mundo. É unha cuestión, finalmente, de liberación da alma.

DECLARACIÓNS DUN PEREGRINO NA BUSCA DO FIN DO MUNDO³

Enclaustrado nas vésperas dun século XXI que non comeza nunca. Canto tempo, irmáns, canto tempo detidos na infinda roda dos tempos pasados. Eu, coma san Xoán, tamén *fun arrebatado en espírito o día do Señor e escoitei tras de min unha voz forte, coma de trompeta, que dicía: O que vires, escribeo nun libro* (Apoc. 1:10-11). Así, entre as vísceras dun soño dixo unha sombra que buscarse nos confíns de Eumea, a das moitas torres, o voto de silencio perdido. «Camiña tres veces trescentos estadios por onde aseita Oriente ata alcanza-las marxes do seu campo infértil; se sobre o áureo tellado da cidadela son sete as aves do augurio, a Fortuna terá guiado o teu destino. Se non é así, acharante as Keres e, con elas, a morte». Así dixo, e sucedéronse dúas as noites que soñei o camiño.

Entre os bosques asomaban tristes os rostros murchos das últimas flores, sostidas apenas polo fío tenro do pranto. Un alcipreste de tenue tronco pregou perante min as súas pólas en sinal de súplica e biquei os seus dedos antes de o deixar atrás ignorando a advertencia. Na altura en que se bifurcaba o caudal seco dun grande río comprendín que non podería continua-lo camiño antes de ver esconderse o Sol, pois perdera o rumbo e a lembranza das augas confundiría os meus pasos. Coa aurora do terceiro día espertoume o rumor dunha oración. Eumea, a das moitas torres, distaba aínda cincocentos estadios. «Ou unha vida», bisbou a sombra [...]

Este fragmento corresponde á experiencia dun dos nosos contemporáneos sumido nunha longa peregrinación. O manuscrito achouse xunto ó seu corpo sen vida, durmido nas marxes dun afluente do Éufrates. Con estas palabras súas, especificamente seleccionadas por min pra demostra-la presenza innegábel dunha forza escura neste final de século, patente a través da imaxe simbólica da *sombra*, xustifico o permiti-la intervención do home. Non é preciso que lembren as súas palabras, mais falaba da sombra que se lle incrustou no mundo, como quedará recollido na transcripción.

³ Codex Vaticanus, Biblioteca Apostolica Vaticana, Urb.gal.341, s. XX², 12.

É complicado enfronta-la realidade que se nos presenta a todos, desposuídos de identidade e sumidos na espera dunha traxedia que non chega. Houbo tantos erros de asunción... Lembro aquel rumor que comezou a se expandir dende as rexións da meseta.

FRAGMENTO DUN ARTIGO SOBRE A CAÍDA DE BABILONIA NO 30/5/1998⁴

A fonte de Cibeles amence tinxida de sangue

O corpo sen vida foi atopado hoxe, día trece de xaneiro, ós pés dos leóns que guían o carro de Cibeles, na famosa fonte homónima. Numerosas testemuñas da capital afirman que a moza, de tan só vinte e cinco anos, era coñecida pola súa moral disipada e a práctica da prostitución. [...] As probas que relacionan a súa verdadeira identidade coa puta de Babilonia son irrefutábeis. A súa relación coas elites políticas e económicas da cidade confirma que é aquela coa que *fornicaron os reis da terra* (Apoc. 17:2). Ademais, a moza facíase chamar Misterio (Apoc. 17:5) e as súas vestimentas habituais coinciden exactamente coa descrición que ofrece san Xoán (Apoc. 17:4). [...] A investigación segue aberta, mais parece que hai claros indicios de agresión sexual e tortura. [...] Trátase dun presaxio do Harmaxedón.

A morte como xustiza divina, escoitan? A morte... como exexese. Como é posíbel que a dor, a vida humana, poida verse resumida niso? Nacer é nacer só. Morrer é morrer só. Pero vivir... vivir non é vivir só. Séculos a agardármolo preciso instante en que a civilización só sexa cinzas e, a pesar diso, ningún tipo de preparación. Nada máis cá radicalización dos Textos. Lembren a seguinte traxedia, como se sucederon os tempos cando en tódalas rexións do Occidente rexurdiu a tiranía da fe.

NARRACIÓN DO PRIOR DO MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE SOBRADO NO 9/4/1998⁵

A tódalas fillas de novos partos chamóuselles *Miserere* e as nais bisbaban o nome as sete veces ó día que aleitaban. Por mor da fame de nacer xa só se escoitaba esta palabra sacra entre as paredes das casas e rúas. Os varóns, pola contra, recibían no bautismo de nome *Credo* xunto co de algún dos apóstolos e xurdiron doce faccións enfrontadas que xuraban e perxuraban destruí-lo resto. Ante o flagrante roubo do seu sacro vocabulario por parte dos non tan antigos herexes, os coros de tódalas igrexas e catedrais programaron misas tan longas coma o xiro da Terra nas que se alzaban as voces pra cala-las nais e que acaso Deus os escoitase a eles primeiro. As fábricas de moeda e timbre xemían pola incansábel actividade das súas engrenaxes na incesante fabricación de selos de Deus pra todos aqueles que quixesen compralos polo nimio valor dunhas pezas de metal cuñado. Os que os posuían camiñaron coa fronte ergueita e ditosa. [...]

Agarda-la morte dende a distancia. Dende a seguridade de non se-los elixidos pra enfronta-la fin dos tempos. O estoupido da violencia foi, polo tanto, unha cuestión inevitábel

⁴ Livio, T. «Cae en Madrid la puta de Babilonia». *El Español*. 13 de xaneiro de 1998.

⁵ Bernardino, R. *Fragmenta*. Madrid: Cátedra, 1999.

pra a condición humana de finais de século. Iso, aínda que revelador, non exime de responsabilidade os executores dos seus irmáns... Quere dicir algo, Antúnez?

—É ben certo o que di, si... Lembro unha conversa coa miña filla cando tiña cinco anos nada máis. Díxenlle eu: «A xente morre, nena». Só puido contestar, os dous fronte ó sepulcro da nai, «Non é certo. A xente morre. Un, dous, tres. *A xente* morre. *A xente* arde. Pero ela non é *xente*. Non pode morrer. Ti non es *xente*...». Non o dixo así exactamente, claro, pero xa me entende.

—Filla de alma poeta, parece.

Cal é a posición moral dun ser que se constitúe como verdugo, autor da morte do próximo, debería se-la pregunta. Nós non podemos abarca-lo que supón existir dende a nosa condición mortal. Executámo-la existencia nun instante. O fillo de Estrepsíades foi condenado á forza nun proceso que afirmaba ter a Deus por xuíz, mais foron os homes, erixidos en fieis representantes dunha vontade omnipotente e inaccesíbel, os que tocaron o pescozo do acusado no seu hálito final. Foron os homes os que tensaron a corda. É isto, acaso, pío? Autoproclamarse executor de Deus?

Nós todos, culpábeis, instituímo-la chegada dunha Apocalipse pactada silentemente polo noso desexo de morte. Cantos séculos máis habíamos de agardar? «O silencio de Deus. Deus cala»⁶. Non falan da morte as trompetas dun *bebop* por moito que queiran escoitar dela os fieis desesperados. Cometemos sacrilexio contra a natureza da vida. Todos. A condición humana é a condición da espera.

[aplausos e aclamacións da multitude]

Moitas grazas, de verdade. Ben, finalmente e antes de proceder a escoita-las palabras da defensa, gustárame remata-la intervención cuns versos do pai da vítima:

ÚLTIMA COMPOSICIÓN DE ESTREPSÍADES
Elexía pola morte de Fidípides

Por quen laudan os *laudes*, fillo,
se só na corda que pulsa o dedo reside a túa noite escura.

No lado d'aquén, onde o café é acedo cando mancha a punta dos beizos
e ninguén nunca coñeceu nun verso a fame da man que fende a gorxa con
cinco unllas buscando a carne branda
pra a arrebatarse do óso que a sostén⁷

No lado d'alén, onde non hai présa
malia San Pedro que perdeu as chaves *outra vez* e as almas [tantas]

⁶ Bergman, Ingmar, dir. *Nattvardsgästerna*, 1963.

⁷ cf. Hom.*Il.*XI.573-574

ben dispostas en ringleira e aquela nai e aquel amor
 agardando eóns pra aperta-lo fillo
 tan durmido nunha nube branca
salve regina

Néspervas agromando n'espera triste dun eu eiquí
 corpo a través dos pasos de peóns na luz vermella
 [coma o sangue esvarando dos ollos abertos]

Outro domingo no máis fondo deste val de lágrimas⁸
 sen aquel son que espertou na alma túa un grande comezo
 de soños pardos

Querer moi amodiño: Coma os caracois
 deixando ese rastro d'estrelas
 aceptando de penas estes camiños

[durmindo moito nas noites de vela]

Por quen laudan os *laudes*, fillo,
 se nunca suspirei na lembranza das negras augas que limparon
 dos beizos sangue que toca a man o asasinato dun ninguén

A-morte paseniño...

Aí remato, pois o pai non foi quen, arrebatado de dor, de transmutar en palabras o sufrimento da morte. O sufrimento da Apocalipse.

PAUSA PREVIA Á INTERVENCIÓN DA DEFENSA

[Hai movemento na sala, unha grande parte da asemblea comeza a debater mentres o público aproveita o descanso]

—Veña, fillo, temos que marchar... Deixa esta-lo xuízo este. O Xuízo Final está preto.
 —Era o meu mellor amigo, nai... Estou só.
 —*Ego quoque, fili mi.*

⁸ Bergman, Ingmar, dir. *Nattvardsgästerna*, 1963.